

Mapa do programa de actuacións

Obxectivo Estratéxico 1. Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1. Dotar ao sector pesqueiro de recursos e ferramentas que lle dean máis competitividade e valor ao produto e as profesións relacionadas do mar.

Actuación 1.1.1. Posta en marcha das actividades necesarias dende a produción a distribución para crear valor no produto pesqueiro e marisqueiro da zona pesqueira.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2. Conseguir un sector pesqueiro resiliente onde as actividades marítimo-pesqueiras acaden un peso importante na actividade económica da zona costeira.

Actuación 1.2.1. Posta en marcha de iniciativas para a modernización do sector pesqueiro.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.3. Asegurar unha maior participación de colectivos menos favorecidos e da mocidade nas actividades marítimo-pesqueiras.

Actuación 1.3.1. Promover un sector pesqueiro agradable e facilitador do desenvolvemento profesional.

Obxectivo Estratéxico 2 . Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1. Incrementar iniciativas de diversificación na zona costeira e consolidar a zona costeira como un destino turístico atractivo.

Actuación 2.1.1. Atraer ao sector pesqueiro e actividades relacionadas co mar para actividades de diversificación da zona costeira.

Actuación 2.1.2. Promover o emprendemento no ámbito marítimo-pesqueiro a través da iniciativas de economía circular.

Elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo

Obxectivo Estratéxico 3. Impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1. Conservar e aumentar os recursos pesqueiros e a biodiversidade mariña da zona costeira.

Actuación 3.1.1. Sensibilización e preservación dos recursos pesqueiros.

Actuación 3.1.2. Uso de novas tecnoloxías, ferramentas dixitais e enerxías renovables que melloren a calidade ambiental da zona costeira e fagan máis competitivo ao sector pesqueiro.

Obxectivo Estratéxico 4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1. Lograr asentar a memoria cultural marítimo-pesqueira en todo o territorio.

Actuación 4.1.1. Poñer en valor o patrimonio cultural material e inmaterial marítimo-pesqueiro.

Actuación 4.2.1. (en principio non hai liña de actuación)

Obxectivo Estratéxico 5. Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos e actividades marítimas locais

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1. Articular dispositivos de participación e coordinación do sector pesqueiro.

Actuación 5.1.1. Desenvolvemento de mecanismos de gobernanza áxiles que faciliten a comunicación e acción do sector pesqueiro coas diferentes entidades e administracións no territorio.

Obxectivo Estratéxico 6. Cooperación

Programa de actuacións programa

Obxectivo Estratéxico 1. Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1. Dotar ao sector pesqueiro de recursos e ferramentas que lle dean máis competitividade e valor ao produto e as profesións relacionadas do mar.

Actuación 1.1.1. Posta en marcha das actividades necesarias dende a produción a distribución para crear valor no produto pesqueiro e marisqueiro da zona pesqueira.

A valorización do produto pesqueiro é marisqueiro asociado a unha mellora da competitividade é compatible cun coidado e preservación do medio mariño e dos recursos. Desta maneira, promovemos unha actividade esencial para o desenvolvemento económico da zona costeira. Para isto, quere dotarse ao conxunto do sector pesqueiro de coñecementos para o tratamento do produto pesqueiro ata medidas para a súa transformación e comercialización. Dotando a actividade pesqueira e aos seus produtos dunha mellora da súa imaxe e dunha importancia para o seu consumo saudable e de calidade que reduza a pegada de carbono.

Accións

- **Accións de investigación, formativas, divulgativas e de boas prácticas**, dirixidas ao sector pesqueiro centradas na **xestión e valorización do produto** explotado como de novas especies invasoras e subprodutos: recolección-captura , transformación, comercialización-consumo.
- Posta en marcha de iniciativas que axuden á conservación e mellora dos **bancos marisqueiros, criadeiras de semente de marisco**, así como a rexeneración ou recuperación de novos bancos.
- Posta en marcha de sistemas de **depuración** e mantemento do produto pesqueiro apoiándose nas enerxías renovables e na colaboración entre as diferentes confrarías.
- Apoio ao desenvolvemento de produtos do mar por separado ou conxuntamente con produtos do campo que xeren valor na súa **transformación** e mellora da **imaxe ou presentación** (uso de materiais ecolóxicos).
- Accións de sensibilización (interese e curiosidade), formación, educación do **tratamento e consumo do produto pesqueiro** (estacionalidade do produto) e mellorando os procesos de conservación e consumo en fresco reducindo, así, a pegada ecolóxica.
- Apoio a accións conxuntas do sector pesqueiro para a mellora na **comercialización** do produto pesqueiro local a través da venda directa que supoña, a súa vez, a **redución da pegada ecolóxica**: aplicacións e plataformas dixitais, venda directa á hostalaría, transporte, uso de materiais sostibles e ecolóxicos, etc.
- Accións de impulso dos **selos de calidade** existentes (pescaderías, pescaenverde) e creación de novos **selos, marcas do territorio** e **mecanismos dixitais** que identifiquen e poñan en valor o **produto pesqueiro local**.
- Posta en marcha de iniciativas que potencien o **consumo** local, de **proximidade e saudable** dos produtos pesqueiros, por exemplo actuacións demostrativas de elaboracións de produtos pesqueiros nas prazas, confrarías e lonxas, acordos coa hostalaría-restauración que reforcen o consumo en fresco.

Elaboración da Estratexia de Desenvolvemento
Local Participativo

Obxectivo Estratéxico 1. Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2. Conseguir un sector pesqueiro resiliente onde as actividades marítimo-pesqueiras acaden un peso importante na actividade económica da zona costeira.

Actuación 1.2.1. Posta en marcha de iniciativas para a modernización do sector pesqueiro.

O sector pesqueiro ten que asumir cambios debido aos restos que se formulan sobre o modelo de desenvolvemento económico a nivel europeo pero tamén como axente económico galego no sector primario. Para isto, é fundamental prepararse para estes novos escenarios e para adquirir unha maior capacidade para afrontar a actividade pesqueira para que sexa unha iniciativa atractiva e posicione ao sector como un axente relevante e competitivo no territorio, apoiándose en ferramentas dixitais, adaptación ao cambio climático e enerxías renovables.

Accións

- Apoio a accións de **investigación, formación, asesoramento e acompañamento** para a mellora organizativa e xestión das entidades do sector pesqueiro, confrarías, agrupacións, ec; en especial, procesos de **asociacionismo, unión e proxectos conxuntos**.
- Impulso a actuacións de **mellora da imaxe e de comunicación** das entidades do sector pesqueiro
- Apoio a actuacións para a **mellora e adaptación** de infraestruturas, instalacións, equipamentos, dotacións do sector pesqueiro e das actividades marítimo-pesqueiras que supoñan un mellor aproveitamento do produto pesqueiro e, a súa vez, unha mellora **ecolóxica (enerxías renovables)**, da **competitividade** e da **eficiencia enerxética**.
- Formación e implementación de proxectos para a mellora da **competitividade** do sector pesqueiro a través de novas **tecnoloxías e ferramentas dixitais**.
- Estudo e análise para a adaptación do sector e das confrarías aos **novos escenarios produtivos e de consumo** derivados do cambio climático, dos produtos de proximidade e alimentación saudable, novas especies, especies minusvaloradas, formatos de venda, produtos elaborados, subprodutos, etc.
- Deseño de actuacións encamiñadas xerar confianza e empoderamento (capital social) a través da programación e divulgación da **importancia das confrarías, das actividades marítimo-pesqueiras**, do seu impacto económico, da súa labor social e cultural, do coidado do medio mariño e dos recursos pesqueiros.

Elaboración da Estratexia de Desenvolvemento
Local Participativo

Obxectivo Estratéxico 1. Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.3. Asegurar unha maior participación de colectivos menos favorecidos e da mocidade nas actividades marítimo-pesqueiras.

Actuación 1.3.1. Promover un sector pesqueiro agradable e facilitador do desenvolvemento profesional.

As medidas aquí contempladas perseguen crear unha zona pesqueira máis cohesionada e con maior benestar social e igualdade entre homes e mulleres. Facendo da actividade económica pesqueira unha profesión con futuro e inclusiva onde o sector pesqueiro e as confrarías sexan un referente e recuperen o seu liderado no territorio.

Accións

- Impulso de actuacións para o **empoderamento e visibilización das mulleres** no desenvolvemento profesional, sociocultural e asociativo no sector pesqueiro e nas actividades relacionadas co mar.
- Promoción da **acesibilidade universal** (física e comunicativa) nas infraestruturas, instalacións e embarcacións, e no propio desenvolvemento de actividades profesionais e sociais relacionadas co sector pesqueiro e co mar.
- Promoción de **inserción sociolaboral** en actividades do sector e relacionadas co mar de persoas en risco de exclusión coa **metodoloxía do emprego con apoio**.
- Información e divulgación sobre o **desenvolvemento profesional** das actividades marítimo-pesqueiras **que prestixien a profesión**, sobre todo entre a **mocidade**.
- Realización de **accións formativas para a mocidade** relacionadas coa **inserción laboral nas actividades marítimo-pesqueiras**, con carácter dual coa compensación de gastos ás persoas asistentes, a través de bolsas con profesionais do sector, por exemplo.
- Programa de **aulas mariñeiras** promovidas conxuntamente dende os concellos e as confrarías do territorio para achegar ás persoas máis novas ao mundo do mar: actividades náutico-pesqueiras, coñecemento do medio mariño, dos recursos pesqueiros, alimentación saudable do produto pesqueiro local, etc.

Obxectivo Estratéxico 2 . Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1. Incrementar iniciativas de diversificación na zona costeira e consolidar a zona costeira como un destino turístico atractivo.

Actuación 2.1.1. Atraer ao sector pesqueiro e actividades relacionadas co mar para actividades de diversificación da zona costeira.

Estas medidas están encamiñadas a animar, fundamentalmente, ao sector pesqueiro a promover proxectos de diversificación no territorio e, sobre todo, sinerxías entre o produto pesqueiro e as actividades de diversificación.

Accións

- Apoio a proxectos de **investigación, formación, asesoramento e acompañamento** para o impulso de proxectos de **diversificación do sector pesqueiro**, con especial atención en temas ambientais, enerxéticos, de novas tecnoloxías e dixitalización.
- Acción dirixidas a creación ou mellora de infraestruturas, instalacións e equipamentos de actividades relacionadas co mar a través do uso de **enerxías renovables, ferramentas dixitais e novas tecnoloxías** e actuacións de ambientais que supoñan a **eliminación da contaminación e aproveitamento de residuos**.
- Apoio a iniciativas de **pesca turismo e turismo mariñeiro** na zona costeira.
- Posta en marcha de iniciativas conxuntas e **sinerxías no sector primario** da zona costeira: produtos do mar e do agro.
- Accións que conecten e vinculen ao **produto pesqueiro e as actividades relacionadas co mar** cos principais **recursos turísticos e patrimonio ambiental e marítimo-cultural do territorio**: Fragas do Eume, bordo do litoral, Camiño de Santiago, Patrimonio industrial marítimo, Reserva da Biosfera, etc.
- Promoción de **actividades** de natureza, ambientais, de lecer, marítimo-náuticas, subacuáticas e deportivas relacionadas co mar **desestacionalizadas e accesibles** creando sinerxías co sector e co produto pesqueiro.
- Iniciativas de dinamización, promoción de enclaves o redes de referencia de **valorización do consumo do produto do mar (saberes e sabores)**: zonas portuarias, portos, confrarías, lonxas, rede da hostalaría-restauración, etc.
- Apoio á creación ou adaptación (accesibilidade) de **infraestruturas turísticas** relacionadas coa hostalería e a restauración que sexan singulares; con encanto mariñeiro e valorización do produto mariñeiro, uso de materiais respectuosos coa contorna, enerxeticamente eficientes a través do uso de enerxía renovables, redución da contaminación e aproveitamento de residuos xerados.

Elaboración da Estratexia de Desenvolvemento
Local Participativo

Obxectivo Estratéxico 2 . Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1. Incrementar iniciativas de diversificación na zona costeira e consolidar a zona costeira como un destino turístico atractivo.

Actuación 2.1.2. Promover o emprendemento no ámbito marítimo-pesqueiro a través da iniciativas de economía circular.

A circularidade económica forma parte das novas orientacións do desenvolvemento sostible que afecta ao propio sector pesqueiro. Isto implica poñer en marcha iniciativas que xeren menos gasto de enerxía e eliminen a contaminación apoiándose no uso de materiais ecolóxicos e na redución e aproveitamento de residuos.

Accións

- Realización de acordos de colaboración con organismos científico-académicos, por exemplo coa UDC-Campus de Ferrol, para o desenvolvemento de accións de formación, innovación, divulgación e asesoramento en iniciativas de **economía circular das actividades relacionadas co mar (aproveitamento para novos usos, artesanía, etc).**
- Estudo e apoio para o aproveitamento de **subprodutos** derivados de algas, especies pesqueiras minusvaloradas, especies invasoras, descartes e residuos de actividades marítimo-pesqueiras.
- Accións de sensibilización relacionadas coa **redución de contaminantes** (plásticos, etc) do medio e dos recursos pesqueiros e búsqueda de alternativas de **reutilización ou** derivadas de **materiais ou recursos do mar biodegradables.**
- Dotación de **equipamentos** destinados a mellora da xestión e aproveitamento dos residuos e refugallos derivados das actividades marítimo-pesqueiras.
- **Divulgación e formación** a través de **experiencias inspiradoras** e **boas prácticas** no tratamento e aproveitamento de residuos e refugallos mariños.
- Apoio a proxectos innovadores a través da elaboración de **produtos listos para o consumo**, ecoenvases e cunha etiquetaxe intelixente para asegurar a calidade e seguridade deste tipo de produtos.

Obxectivo Estratéxico 3. Impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1. Conservar e aumentar os recursos pesqueiros e a biodiversidade mariña da zona costeira.

Actuación 3.1.1. Sensibilización e preservación dos recursos pesqueiros.

O desenvolvemento sostible das zonas costeiras debe pensarse dende a actividade pesqueira e a biodiversidade, o entorno paisaxístico e natural do litoral. Neste sentido, deséñanse actuacións que buscan un medio mariño produtivo (e de calidade) que xera actividade económica sostible (produto pesqueiro) que axuda a coidar o medio e a fixar poboación.

Accións

- Accións de **sensibilización e vixilancia** promovidas polos axentes socioeconómicos (confrarías, lonxas, clubs deportivos, hostalaría) e institucionais (concellos) para a erradicación de **prácticas** de pesca **ilegais** e apoiándose nas novas tecnoloxías.
- Medidas encamiñadas a que todos os **sectores** da poboación e a **ciudadanía**, en xeral, da zona costeira teñan **hábitos sociais** que melloren o **coidado do medio e dos recursos pesqueiros** (uso de plásticos, residuos das cabichas, uso de táperes reutilizables na compra de peixe, etc). Campañas de concienciación para que o mar non sexa un vertedoiro.
- Apoio a medidas para o estudo, seguimento e pautas de mellora do **estado ambiental** da Ría na que participe o sector pesqueiro, en coordinación coa Estación de Bioloxía Mariña da Graña - USC.
- Medidas de **formación, divulgación** sobre os **valores ambientais** do litoral costeiro, do medio mariño e dos recursos pesqueiros e a súa importancia para o desenvolvemento sostible das comunidades costeiras; medidas dirixidas a diferentes públicos (escolares, asociacións, sector pesqueiro, ...).
- Investigación, formación e divulgación sobre o impacto do **cambio climático** nos recursos e actividade pesqueira dirixida ao sector pesqueiro.
- Accións de **recuperación ecolóxica** e posta en valor das **infraestruturas** e **paisaxe do bordo do litoral** que supoñan unha maior resiliencia da zona costeira.

Elaboración da Estratexia de Desenvolvemento
Local Participativo

Obxectivo Estratéxico 3. Impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1. Conservar e aumentar os recursos pesqueiros e a biodiversidade mariña da zona costeira.

Actuación 3.1.2. Uso de novas tecnoloxías, ferramentas dixitais e enerxías renovables que melloren a calidade ambiental da zona costeira e fagan máis competitivo ao sector pesqueiro.

Con estas actuacións trátase de facilitar a resposta do sector pesqueiro fronte as crises e situacións de vulnerabilidade facendo unha zona pesqueira que adquiera unha resiliencia ambiental, económica e social. Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, a contaminación do aire e da auga acadando unha neutralidade climática da zona pesqueira.

Accións

- Accións de **formación e divulgación**, con especial atención ás actividades e ao sector pesqueiro, para adopción de melloras de enerxéticas, ambientais, tecnolóxicas e dixitais.
- Iniciativas que supoñan unha **mellora enerxética** e unha redución da contaminación nas actividades marítimo-pesqueiras: adaptación de infraestruturas, instalacións, bens de equipo, elementos de transporte, embarcacións, ...
- Elaboración de estudo en colaboración co sector pesqueiro sobre o **impacto das enerxías renovables** (eólica, etc) sobre o medio e os recursos mariños.
- Apoio á dotación ao sector pesqueiro de sistemas tecnolóxicos e dixitais de monitorización de **ecosistemas** ou parámetros que poden afectar á biodiversidade e o estado de recursos nas rías; control en tempo real (medicións en continuo), mostraxes e difusión da calidade das augas das rías.
- Actuacións para deseñar e dotar **portos marítimo-pesqueiros ecolóxicos**: eliminación da contaminación polas actividades marítimo-pesqueiras, limpeza de barcos, comunidades enerxéticas, etc.

Elaboración da Estratexia de Desenvolvemento
Local Participativo

Obxectivo Estratéxico 4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1. Lograr asentir a memoria cultural marítimo-pesqueira en todo o territorio.

Actuación 4.1.1. Poñer en valor o patrimonio cultural material e inmaterial marítimo-pesqueiro.

As accións pretenden poñer en valor o legado patrimonial marítimo-pesqueiro que axude a reforzar e dignificar a tradición mariñeira e actividade pesqueira e marisqueira, sobre todo entre os máis novos, dando a coñecer a súa relevancia no desenvolvemento cultural, económico e social da zona costeira. Sendo, a súa vez, un recurso e atractivo da zona pesqueira para o turismo.

Accións

- Accións de **dinamización** para dotar de **usos** e contidos ao patrimonio cultural marítimo-pesqueiro recuperado, que favorezan a desestacionalización do turismo.
- Promoción de actividades que promovan a **creatividade** e o desenvolvemento da cultura marítimo-pesqueira, que favorezan usos dos espazos e infraestruturas patrimoniais relacionadas co mar.
- Accións de **investigación, formación e divulgación** da cultura marítimo-pesqueira tendo en conta as novas tecnoloxías e medios dixitais.
- Accións de **recuperación e posta en valor** do patrimonio material e inmaterial marítimo-pesqueiro.
- Actividades dirixidas a poñer en valor á tradición marítimo-pesqueiro (oficios tradicionais, artes de pesca, etc.) nas **escolas** que reforcen e dignifiquen as actividades pesqueiras.
- Iniciativas de **investigación, recuperación** (publicacións) e **divulgación** (xornadas, etc) e **intercambio** de boas prácticas do patrimonio inmaterial marítimo-pesqueiro: procesións relixiosas, música e cancións, lendas, historias, toponimia, etc.
- Apoio a iniciativas de recuperación e posta en valor do **patrimonio industrial** marítimo-pesqueiro.

Obxectivo Estratéxico 4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2. Benestar social

Actuación 4.2.1.

Accións

-

Igual non fai falta este obxectivo porque aparecen recollidas medidas no OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1. De todas maneiras, valorar se poñelas aquí ou se dende o GALP aparecen algunhas novas.

Elaboración da Estratexia de Desenvolvemento
Local Participativo

Obxectivo Estratéxico 5. Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos e actividades marítimas locais

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1. Articular dispositivos de participación e coordinación do sector pesqueiro.

Actuación 5.1.1. Desenvolvemento de mecanismos de gobernanza áxiles que faciliten a comunicación e acción do sector pesqueiro coas diferentes entidades e administracións no territorio.

Trátase de deseñar medidas para o impulso de accións que faciliten ao sector pesqueiro unha maior capacidade de diálogo e interlocución con outros axentes, organismos e institucións que garantan un maior éxito e impacto dos proxectos relacionados coa actividade pesqueira mellorando, desta maneira, a xestión do mar.

Accións

- Accións de impulso dende o GALP, coa participación doutras entidades e organismos do territorio, para poñer en valor a **labor** socioeconómica e cultural das **Confrarías** e entidades representativas do sector.
- Establecemento ou participación do sector pesqueiro nunha rede de colaboración e **transferencia de coñecemento** con entidades e organismos científico-académicos que melloren a xestión dos recursos pesqueiros.
- Participación e coordinación con entidades, organismos e espazos que impliquen un maior coñecemento de proxectos ou políticas relacionadas coa promoción e o desenvolvemento da **economía azul sostible e pacto verde europeo**.
- Accións que promovan a planificación e acordo con organismos e entidades para o desenvolvemento **doutras actividades económicas** ás tradicionais do sector pesqueiro na zona costeira (parque eólicos mariños, etc).
- Accións de **planificación e coordinación** do sector pesqueiro e da posta en valor do seu produto e cultura coas iniciativas **turísticas** e actividades **culturais, ambientais, de lecer e deportivas** relacionadas co mar.
- Accións de impulso da participación dos centros formativos da zona na **identificación** e formación do **talento** e o **potencial emprendedor** relacionado co mar entre o **alumnado**.

Obxectivo Estratéxico 6. Cooperación

OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.

Actuación.

Accións

Pendientes de redactar en consonancia co resto dos GALP.